



*Agradécese que os participantes traían da súa localidade un croio para facermos un milladoiro nas penas de San Lázaro.*

*As asociacións participantes terán que traer autobús para subir ata Vilalle.*

*As persoas que camiñen pouco poden quedar en Castro Verde, ou ben camiñar ata Souto de Torres onde haberá un autobús de apoio, sempre cerca do percorrido. Os autobuses recollerannos a carón de Soutomerille.*

*Percorrido de dificultade baixa, duns 11,5 Km + 1,5 km subir á Croa de Soutomerille (para os que queiran).*

**Comunicar participación antes do día 15 de maio.**

**Contacto: 659 523960 (Manolo) / 622 109145 (Antonio) / [amigospatrimoniodecastroverde@gmail.com](mailto:amigospatrimoniodecastroverde@gmail.com)**

**Xantar: 18 €, ó que hai que sumar os custos adicionais para cada asociación.**

# P R O G R A M A

9:30 h. Vémonos na Praza do Concello de Castro Verde

10:00 h. Comenzo do roteiro desde A Calzada de Vilalle

14:00 h. Remate do roteiro en Soutomerille

14:15 h. Xantar no Pavillón da Ferraría Medieval

17:00 h. Actuacións na igrexa de Vilabade de: **Acordeonistas de Castro Verde, Natalia Silva (violoncello) e a Agrupación Zuncurrundullo**

# MANIFESTO

A adulteración do itinerario tradicional do Camiño de Santiago polo concello de Castro Verde é unha mostra evidente da fraude que desvirtúa o significado histórico das peregrinacións e corrompe os seus valores esenciais. Esta marcha das asociacións sobre a calzada medieval pretende recuperar a memoria facendo visíbel a paisaxe cultural forxada ao longo dos séculos e valorar os sinais de identidade do territorio histórico herdado polo noso pobo, con iniciativas como as seguintes:

- Reafirmación do paso sobre treitos de vía orixinaria adulterados ou en fase de apropiación (A Vacariza, A Calzada de Vilalle, O Marquesado, Tarrío e Lamalexo en Vilariño, Mesón de Fraiás, As Zarras en Moreira, A Varanca en Soutomerille) e chamada de atención sobre os mesmos con reclamos de pedras e paus fitos ao modo antigo.
- Colocación de placa na Rúa Santiago da capitalidade municipal, sinalando a traza histórica do Camiño Primitivo ao paso pola “rúa do Camiño Francés, sobre o Horto do Hospital na Ferraría de Castro Verde”.
- Fundación de un milladoiro como acto reivindicativo de identificación e posta en valor da trama arqueolóxica no lugar de San Lázaro e A Capilla, ás portas de San Miguel do Camiño.
- Visita guiada a puntos emblemáticos que atesouran a memoria inmaterial da vía primitiva na Terra de Castro Verde.